



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



SECCIÓN DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 1 /2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN CENTRO INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DOS 100 ANOS DA CASA NÚÑEZ, SEDE DA FUNDACIÓN.

Na Coruña, a 12 de xaneiro de 2024

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REÚNENSE

Dona Natividad de Jesús González Rodríguez, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don Pedro Miguel González Galilea, en representación da Fundación Centro Internacional da Estampa Contemporánea, en adiante Fundación CIEC

EXPOÑEN

1.- A Fundación CIEC é unha fundación de interese galego constituída na cidade de Betanzos o día 7 de abril de 1997, sendo un dos seus membros fundadores o Concello de Betanzos.

2.- De acordo co artigo 4 dos seus estatutos a Fundación CIEC ten por obxecto a promoción e difusión das artes plásticas en xeral, e a arte gráfica, en particular.

3.- Na liña de apoio á creación artística que leva a cabo a Deputación da Coruña e, en concreto, ao desenvolvemento da arte gráfica, así como, en recoñecemento ao labor realizado pola Fundación CIEC e á ampla traxectoria do artista Jesús Núñez, o seu fundador, a Deputación da Coruña convoca anualmente o *Premio Internacional "Jesús Núñez" de Arte Gráfica*, en cuxa organización ven colaborando a Fundación, tanto na súa difusión, como en aspectos loxísticos xa que a recepción das obras, a reunión do xurado e a primeira das exposicións itinerantes do Premio ten lugar na sede da Fundación.

4.- A Fundación CIEC ten a súa sede na rúa do Castro 2, no casco histórico de Betanzos, na denominada "Casa Núñez".

A Casa Núñez, hoxe sede da Fundación CIEC, foi construída en 1923 a instancias de don Antonio Núñez, coa finalidade de establecer un gran almacén de venta, unha delegación do Banco de España e dúas vivendas.

O promotor encargou o proxecto a un dos arquitectos máis relevantes do panorama galego da época, Rafael González Villar, que xa fixera algúns proxectos na citada cidade, como o Casa do Pobo, o lavadoiro das Cascas ou o conxunto formado polo palco da música, barandillas e farolas do Cantón. O edificio constrúese ocupando un amplo solar, e nel González Villar aplica toda unha serie de recursos arquitectónicos e estilísticos que o converten nunha xoia do art decó, xa que tanto a súa magnífica fachada coma o seu amplo interior foron respetados e adaptados aos novos usos dunha escola de arte gráfica.

5.- Neste ano 2023 cumplesse un centenario da súa sede, a Fundación CIEc organiza unha serie de actividades extraordinarias: visitas guiadas á casa, concertos, edición de carpeta de gravados sobre o edificio, que se engaden á programación de cursos anuais.

6.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, da administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuir as actividades organizadas pola Fundación CIEC con motivo do centenario da súa sede.

7.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Fundación CIEC, co NIF: G15600976, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Programa de actividades con motivo da conmemoración dos 100 anos da Casa Núñez, sede da Fundación.**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Fundación CIEC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONFERENCIAS, PRESENTACIÓNS, RESIDENCIAS ARTÍSTICAS, ENCONTROS DE ARTISTAS E MOSTRAS 100 ANOS CASA NÚÑEZ	6.900,00
* Traslados, billetes, estancias, conferencias, asistencia a feiras, persoal estancias e intercambios; artistas invitadas/os	3.000,00
* Apoio didáctico: fotografiado, vídeo, cartelería, logos, banderolas, folletos, envíos, presentación stands.	1.900,00
* Material didáctico encontros artísticos, residencias artísticas nos talleres	2.000,00
CONCERTOS 100 ANOS CASA NÚÑEZ	3.100,00
* Honorarios artistas invitados/as	2.000,00
* Difusión: cartelería, folletos de man, deseño, impresións, envíos	1.100,00
EDICIÓNS DE ARTE 100 ANOS CASA NÚÑEZ	9.990,00
* Material funxible: papeis, tintas, carpetas, caixas, bolsas, presentación	2.900,00
* Honorarios artistas invitadas/os	6.000,00
* Estancias e/ou traslados artistas	1.090,00
VISITAS 100 ANOS CASA NÚÑEZ	4.700,00
* Material didáctico para as demostracións	2.700,00
* Honorarios artistas demostracións	2.000,00
CURSO GRÁFICA 100 ANOS	11.910,00
* Material didáctico funxible: tintas, papeis, aceites, produtos limpeza, ferramentas, lápices, teas, plásticos, documentación, etc	4.000,00
* Honorarios profesorado invitado	7.510,00
* Difusión: deseño cartelería, envíos, folletos, carteis	400,00
COORDINACIÓN, SECRETARIADO, INFORMACIÓN, DIRECCIÓN	8.400,00
* Honorarios persoal do centro: cursos, visitas, concertos, edicións, conferencias.	5.100,00
* Seguridade Social	3.300,00
TOTAL GASTOS	45.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **36.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíble coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación CIEC obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación CIEC, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación CIEC, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación CIEC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Fundación CIEC, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación CIEC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Fundación CIEC unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Fundación CIEC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación se achegarán copias das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2023.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación CIEC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2024**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación CIEC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación CIEC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación CIEC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación CIEC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só

excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación CIEC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación CIEC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación CIEC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación CIEC serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación CIEC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2024** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2023.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2024, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Fundación CIEC, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o **22 de decembro de 2023**

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

**A REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN CENTRO
INTERNACIONAL DA ESTAMPA CONTEMPORÁNEA**

Asdo.: Natividad de Jesús González Rodríguez

Asdo.: Pedro Miguel González Galilea

**A Secretaria Xeral
da Deputación Provincial da Coruña**

Asdo.: Amparo Taboada Gil